

## EXPEDIENTE 1695/2023

### ACTA DE ELEVACIÓN A DEFINITIVAS DAS CALIFICACIÓNS PROVISIONAIS DO PRIMEIRO EXERCICIO DA OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, DUNHA (1) PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO/A DE CARREIRA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL: ENXEÑEIRO/A

O Tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, dunha (1) praza de persoal funcionario/a de carreira da Escala de Administración especial: enxeñeiro/a, convocado e publicadas as Bases específicas no BOPPO número 218 de data 13 de novembro de 2023 e no BOE número 281 de data 24 de novembro de 2023, integrado polas seguintes persoas:

Presidente

Titular.- Leopoldo Moure Dopico (Interventor Concello de Silleda)

Secretaria

Titular.- Carmen Miranda Posse (Avogada do CIM Concello de Silleda)

Vogais

Titular.- Eduardo Artime Rial (Enxeñeiro de Camiños do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra)

Titular.- María del Mar González Estévez (Enxeñeira de Camiños do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra)

Titular.- Juan Carlos Peteiro Rodríguez (AEDL do Concello de Silleda)

### ACORDA

**Primeiro.-** Transcorrido o prazo previsto nas Bases específicas reguladoras do procedemento para formular alegacións contra o acordo de calificacións provisionais correspondentes ao primeiro exercicio da oposición, estas elévanse a definitivas.



**Segundo.**- O segundo exercicio da oposición terá lugar o xoves 4 de abril, ás 10:30 horas, nas dependencias do Viveiro de Empresas do Parque Empresarial Área 33-Silleda.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno identificativo acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

Este exercicio segundo a Base Sexta, punto 2., apartado b) “Consistirá en expoñer por escrito tres temas escollidos ao chou, un de cada un dos apartados da parte específica. De cada parte o tribunal seleccionará dous temas ao chou, públicamente no momento de inicio do exame, cada aspirante escollerá un tema de cada parte.

O tempo para realizar o exercicio será de catro horas.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos sendo necesario para superalo acadar unha puntuación conxunta mínima de 10 puntos”.

**Terceiro.**- O Tribunal advirte erros materiais no “ANEXO 1 TEMARIO” PARTE ESPECÍFICA das Bases específicas do proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, mediante o sistema de oposición, dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira da Escala de Administración Especial: Enxeñeiro/a.

Na Segunda Parte da Parte Específica, consta:

*5. Firmes. Constitución e conceptos xerais. Bases de proxectos. Materiais. Unidades de obras. Mesturas bituminosas. Pavimentos de formigón.*

*6. Firmes. Constitución e conceptos xerais. Bases de proxectos. Materiais. Unidades de obras. Mesturas bituminosas. Pavimentos de formigón.*

Na Terceira Parte da Parte Específica, consta:

*9. Conservación de estradas. Contratos de conservación integral. Recoñecementos sistemáticos. Inspeccións.*

*11. Conservación de estradas (II). Contratos de conservación integral. Recoñecementos sistemáticos. Inspeccións especiais.*

Tendo en conta que a Base Sexta, punto 2, apartado b) reconece o dereito das persoas aspirantes a escoller un tema de cada un dos apartados da parte específica dos dous seleccionados polo tribunal ao chou para cada unha das partes, considérase que dito dereito non podería facerse efectivo no suposto de que coincidiran precisamente os temas duplicados ou con contido equivalente.



Polo exposto o Tribunal acorda que resulta preciso efectuar a seguinte modificación coa finalidade de garantir o desenvolvemento óptimo do segundo exercicio da fase de oposición:

Elimínase o Tema 6 da Segunda Parte da Parte Específica, xa que é exactamente igual ao Tema 5 da Segunda Parte da Parte Específica.

Elimínase o Tema 11 da Terceira Parte da Parte Específica, xa que o contido se considera equivalente ao do Tema 9 da Terceira Parte da Parte Específica.

E para que conste aos efectos oportunos esténdese a presente acta no lugar e data que figuran na sinatura electrónica.

Documento asinado dixitalmente

*Presidente, Leopoldo Moure Dopico*

*Secretaria, Carmen Miranda Posse*

*Vogais, Eduardo Artime Rial, María del Mar González Estévez, Juan Carlos Peteiro Rodríguez*

